



**REFERENCIA DO CONSELLO DA XUNTA DE GALICIA
QUE TIVO LUGAR EN SAN CAETANO
O 14 DE FEBREIRO DE 2019,
BAIXO A PRESIDENCIA DO
SR. D. ALBERTO NÚÑEZ FEIJÓO**

DECRETOS

CONSELLERÍA DE INFRAESTRUTURAS E MOBILIDADE

- Decreto polo que se declara en concreto a utilidade pública e se dispón a urxente ocupación dos bens e dereitos afectados polo proxecto de construción do Plan de seguridade viaria de Galicia 2016-2020: mellora da seguridade viaria (MSV) no contorno de treitos de concentración de accidentes (TCA) na estrada PO-552, puntos quilométricos 10+600 a 13+800, de clave: PO/17/140.06, nos Concellos de Nigrán e Baiona.
- Decreto polo que se declara en concreto a utilidade pública e se dispón a urxente ocupación dos bens e dereitos afectados polo proxecto de construción do proxecto reformado de mellora da seguridade viaria na PO-308 (puntos quilométricos 12+400 a 15+400), de clave: PO/13/102.06.1, no Concello de Sanxenxo.

ACORDOS

CONSELLERÍA DE CULTURA E TURISMO

- Acordo polo que se autoriza o expediente de gasto derivado da contratación do servizo "Operacións para a conservación integral do Camiño de Santiago ao seu paso pola Comunidade Autónoma de Galicia", suxeito a regulación harmonizada, tramitado por procedemento aberto, pluralidade de criterios e documentalmente simplificado; cun orzamento de licitación, con IVE, de dez millóns catrocentos mil catrocentos corenta e sete euros con corenta céntimos (10.400.447,40 €), e un valor estimado, sen IVE, de doce millóns oitocentos noventa e tres mil cento dezaseis euros con sesenta e dous céntimos (12.893.116,62 €).

CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL

- Acordo polo que se aproba o texto do proxecto de Decreto polo que se crea e se regula o Observatorio Galego da Familia e da Infancia, para os efectos do seu sometemento ao ditame do Consello Consultivo de Galicia.

INFORMES

VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA, ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA

- Informe sobre os resultados da colaboración da unidade de policía adscrita coa Consellería do Mar, na loita contra o furtivismo e marisqueo ilegal no ano 2018.

CONSELLERÍA DE FACENDA

- Informe sobre o avance do peche do exercicio de 2018 e o cumprimento do obxectivo de estabilidade orzamentaria.

CONSELLERÍA DE MEDIO AMBIENTE, TERRITORIO E VIVENDA

- Informe sobre venda de solo empresarial a prezos bonificados.

CONSELLERÍA DE POLÍTICA SOCIAL

- Informe sobre o reforzo dos cadros de persoal técnico dos servizos sociais comunitarios municipais no marco do Plan concertado no exercicio 2018.

CONSELLERÍA DO MAR

- Informe sobre a Orde do 31 de decembro de 2018 pola que se establecen as bases e se regula o procedemento para a concesión, en réxime de concorrencia competitiva, de axudas para a innovación no sector pesqueiro cofinanciadas co Fondo Europeo Marítimo e de Pesca (FEMP), e se convocan para o ano 2019.



O CONSELLO DA XUNTA AUTORIZA AS EXPROPIACIÓNS PARA A MELLORA DA SEGURIDADE VIARIA NA ESTRADA PO-552 ENTRE OS CONCELLOS DE NIGRÁN E BAIONA

- *Esta intervención supón un investimento autonómico de máis de 400.000 euros, e destínase unha partida de case 18.000 euros ao pagamento dos 10 predios necesarios para a súa execución*
- *Nos próximos días a Consellería de Infraestruturas e Mobilidade iniciará a contratación das obras que permitirán eliminar un treito de concentración de accidentes nesta vía intervindo nas interseccións, os cambios de sentido e reordenando os xiros*
- *Destacan entra as actuacións a execución dunha nova glorieta na rúa Rans, incorporada ao proxecto tras a información pública, a mellora na intersección co camiño Carballal ou a reordenación do cruzamento coas rúas Cruceiro e Sarmiento*
- *Executaranse tramos de beirarrúas e reforzarase a sinalización dos pasos de peóns, instalando balizas que eviten o estacionamento indebido que dificulta a visibilidade nalgúns accesos da marxe esquerda da avenida Foz do Miñor*
- *Nesta estrada están previstas outras actuacións para suprimir os tramos de concentración de accidentes, unha entre a intersección coas estradas da Matamá e Muíños e á entrada de San Miguel de Oia, e outra na zona das Rexas*
- *Trátase dunha actuación enmarcada na estratexia para eliminar todos os treitos de concentración de accidentes das estradas autonómicas*

O Consello da Xunta autorizou hoxe o proxecto de decreto polo que se declara a utilidade pública e se dispón a urxente ocupación dos bens e dereitos necesarios para a eliminación dun treito de concentración de accidentes na estrada PO-552, entre a glorieta de conexión coa AG-57 e Sabarís, nos Concellos de Nigrán e Baiona, cun investimento autonómico de máis de 400.000 euros.

Esta intervención fai necesaria a expropiación de 10 predios, e destínase unha partida de preto de 18.000 euros ao pagamento dos terreos. Nas vindeiros días está prevista a licitación das obras por parte da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade.

Trátase dunha actuación que define a execución dos traballos de mellora da seguridade viaria e a eliminación dun treito cualificado como “punto negro” no tramo da estrada Vigo-Tui, comprendido entre os puntos quilométricos 10+740 e 13+440.

Este proxecto está redactado no marco da estratexia que está a desenvolver o departamento de Infraestruturas da Xunta para intentar reducir os tramos de concentración de accidentes da rede autonómica de estradas.

Os traballos previstos neste tramo consistirán na mellora de interseccións en que se produce unha maior parte dos accidentes neste tramo. Executaranse cambios de sentido e habilitaranse carrís centrais de espera para facilitar os xiros á esquerda nas interseccións que teñen suficiente visibilidade, e reordenaranse os xiros naquelas interseccións que non

**INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta**

teñen a visibilidade necesaria para garantir os xiros nas desexables condicións de seguridade.

Máis en concreto, executarase unha semiglorieta na intersección do punto quilométrico 10+740, para facilitar os cambios de sentido, e unha nova glorieta no punto quilométrico 11+150, que se corresponde coa rúa Rans, incorporada ao proxecto tras a información pública.

Tamén se mellorará a intersección existente no punto quilométrico 11+500 co camiño Carballal, coa execución dun carril central de espera e semiglorieta, e reordenarase a intersección coas rúas Cruceiro e Sarmiento, coa execución dun carril central de espera. A actuación inclúe a sinalización dun cambio de sentido na intersección coa rúa Manuel González Prado, a execución dunha nova glorieta na intersección coa rúa Valle Inclán e a reordenación da intersección coa rúa Romana.

Ademais, segundo o proxecto aprobado polo executivo autonómico, executaranse pequenos tramos de beirarrúas complementarios á mellora das interseccións, reforzarase a sinalización dos pasos de peóns do tramo para facilitar a súa percepción. E, finalmente, instalaranse balizas entre os puntos quilométricos 13+180 e 13+440, para evitar o estacionamento indebido en varios accesos situados na marxe esquerda na avenida Foz do Miñor, que reducen a súa visibilidade.



Cómpre resaltar que, dentro da estratexia que o departamento de Infraestruturas da Xunta está a desenvolver para intentar reducir a accidentalidade nos “puntos negros” da rede de estradas de titularidade autonómica, se prevén outras dúas actuacións na estrada PO-552, no tramo Vigo-Nigrán. Trátase de intervencións similares no contorno dos tramos de concentración de accidentes, unha entre a intersección coas estradas da Matamá e Muíños e á entrada de San Miguel de Oia, xa licitada no mes de decembro, e outra na zona das Rexas, cuxo proxecto se atopa en supervisión.

No marco do Plan de seguridade viaria de Galicia 2016-2020, a Xunta de Galicia está a desenvolver unha estratexia para intentar reducir ata 2020 a accidentalidade dos treitos cualificados coma tramos de concentración de accidentes das estradas de titularidade autonómica. Para iso, está prevista a execución de aproximadamente 40 actuacións en 90 km, cun investimento que superará os 12 millóns de euros, no horizonte desta lexislatura.

De seguido amósase o plano de detalle da actuación na estrada PO-552, entre a glorieta de conexión coa AG-57 e Sabarís, nos Concellos de Nigrán e Baiona:



INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta



O CONSELLO DA XUNTA APROBA AS EXPROPIACIÓNS PARA A ELIMINACIÓN DUN TREITO DE CONCENTRACIÓN DE ACCIDENTES NA PO-308, ENTRE O MIRADOIRO DA GRANXA E O ACCESO A NANÍN, EN SANXENXO

- ***A Consellería de Infraestruturas e Mobilidade prevé licitar as obras nas vindeiras semanas, cun investimento de máis de 500.000 euros***
- ***O decreto de utilidade pública comprende as expropiacións de 9 predios necesarios para esta mellora en que o Goberno galego inviste uns 530.000 euros***
- ***Esta actuación está enmarcada na estratexia da Xunta para ter eliminados en 2020 todos os tramos de concentración de accidentes nas vías autonómicas***
- ***As actuacións previstas no tramo consistirán na construción dunha glorieta na intersección coa estrada provincial á praia de Areas***
- ***Na zona da curva dos Cotos renovarase o firme e reforzaranse a sinalización, o balizamento e os sistemas de contención***
- ***Ampliarase a estrada para acondicionar as paradas de autobús co fin de que estes vehículos non interfiran no tráfico cando se deteñen***
- ***A Xunta, tras a información pública, incorporou no proxecto modificacións para atender as solicitudes das asociacións de ciclistas, tendo en conta que o treito forma parte dunha ruta ciclista cualificada coma protexida pola DXT***
- ***Esta actuación súmase ao conxunto de obras planificadas para mellorar a seguridade viaria na estrada PO-308 nos concellos de Sanxenxo e Poio, cun investimento total de 15 millóns de euros***

O Consello da Xunta autorizou hoxe as expropiacións para a mellora da seguridade viaria na estrada PO-308, entre o miradoiro da Granxa e o acceso a Nanín, no Concello de Sanxenxo. O decreto de utilidade pública comprende as expropiacións dos 9 predios necesarios para a execución desta mellora en que o Goberno galego prevé investir uns 530.000 euros.

Trátase dun proxecto que define as actuacións para a mellora da seguridade viaria nun treito de concentración de accidentes, redactado no marco da estratexia que está a desenvolver a Xunta para eliminar os chamados “puntos negros” na rede autonómica de estradas.

As actuacións desenvolveranse no tramo da PO-308 comprendido entre o punto quilométrico 12+450, despois do miradoiro da Granxa, e o punto quilométrico 15+200, antes de chegar a Nanín.

As actuacións previstas no tramo consistirán na construción dunha glorieta na intersección do punto quilométrico 13+760 coa estrada provincial de acceso á praia de Areas. Neste punto existe un cambio de sentido con carril central de espera que non ten eliminado a accidentalidade da intersección.

Desde o punto quilométrico. 12+760 ao 13+700, na zona da curva dos Cotos, renovarase o firme, reforzarase a sinalización e balizamento e os sistemas de contención.

**INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta**

Ademais, ampliarase a plataforma da estrada para acondicionar as paradas de bus existentes no treito, para evitar que os autobuses interfiran o tráfico durante as paradas. Executarase algún pequeno tramo de senda peonil no espazo ocupado pola cuneta desde as paradas de bus ata o paso de peóns máis próximo.

Tamén se modificarán as beirarrúas existentes nas interseccións do tramo para adaptalas á normativa de accesibilidade e reforzarse a sinalización de limitación de velocidade e nos pasos de peóns para facilitar a súa percepción.

Cabe salientar que tras a información pública se introduciron no proxecto pequenas modificacións para atender as solicitudes das asociacións de ciclistas, tendo en conta que o treito obxecto da actuación forma parte dunha ruta ciclista cualificada coma protexida pola Dirección Xeral de Tráfico. Neste sentido, sinalizárase a presenza de ciclistas no tramo e substituiranse os fitos de aresta inicialmente previstos nas interseccións para evitar o aparcamento pola ampliación da beirarrúa nos cruzamento.



No marco desta estratexia para a supresión de tramos de concentración de accidentes nas vías autonómicas, tamén está en execución outra actuación na estrada PO-308, nos



**INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta**

concellos de Poio e Sanxenxo, coa que se prevén obras similares entre O Covelo e o miradoiro da Granxa.

Estas actuacións súmanse ao conxunto de obras planificadas para mellorar a seguridade viaria na estrada PO-308 nos concellos de Sanxenxo e Poio, cun investimento total de 15 millóns de euros.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta**A XUNTA INVESTIRÁ 15,6 MILLÓNS DE EUROS PARA GARANTIR A ADECUADA CONSERVACIÓN DOS CAMIÑOS DE SANTIAGO CARA AO XACOBEO 21**

- **Sacar á licitación oito contratos de mantemento para todos os itinerarios oficiais, con máis de 1.250 quilómetros ao longo de 121 concellos galegos**
- **Esta ambiciosa operación, que se desenvolverá durante dous anos ampliables a tres, súmase aos proxectos de mellora e sinalización impulsados desde 2015**
- **Inclúense actuacións de vixilancia, atención a incidencias e conservación ordinaria do trazado, preservando os valores patrimoniais e a seguridade do peregrino**

O Consello da Xunta aprobou hoxe a operación máis ambiciosa de conservación realizada nos últimos anos no Camiño de Santiago ao seu paso por Galicia. Cun investimento de 15,6 millóns de euros, o Goberno autonómico garantirá o óptimo mantemento da totalidade dos itinerarios oficiais cara ao Xacobeo 21. Para iso, licitará oito contratos de servizo para as diferentes rutas durante os próximos anos, cunha extensión superior aos 1.250 quilómetros en sendas e estradas de 121 concellos situados maioritariamente no eido rural.

Estes contratos, que se porán en marcha este ano, unha vez conclúa o proceso de licitación e sexan adxudicados a diversas empresas, terán vixencia durante dous anos ampliables a tres, anticipándose ao Ano Santo e estendéndose durante a celebración. Con este fin, prevese un investimento de 2,2 millóns en 2019, 5,2 en 2020, 5,2 en 2021 e 3 en 2022.

Este investimento propiciará actuacións de control permanente para detectar as distintas necesidades existentes no Camiño de Santiago. Atenderanse así as posibles incidencias que xurdan, danos ocasionais derivados de factores externos como a climatoloxía, ademais de atender a súa conservación ordinaria. Abarca, polo tanto, operacións de supervisión, así como correctivas, programadas e ocasionais, seguimento e control, operacións sistemáticas normativas, tarefas preventivas, ou actuacións de limpeza ou sega, entre outras.

Beneficio para todos os treitos

Para iso, os contratos establecen o persoal mínimo co que cada empresa deberá contar, así como a súa experiencia contrastada. Tamén os medios de transporte, ferramentas, materiais, maquinaria e materiais auxiliares que garantan a idoneidade dos traballos.

As actuacións ao longo do trazado delimitado ou sinalizado beneficiarán todos os treitos do Camiño de Santiago e os seus elementos funcionais, preservando en todo o momento os seus valores patrimoniais e a seguridade dos peregrinos en calquera época do ano.

Por lotes, o maior investimento correspóndese co Camiño Francés, o máis transitado, pois é percorrido polo 57 % dos peregrinos, ao que se destinarán 1,72 millóns de euros. É un dos tres itinerarios incluídos na lista indicativa do Patrimonio Mundial da Unesco, xunto ao Camiño do Norte e o Primitivo. En concreto, prevense as seguintes contías nos dous primeiros anos:

**INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta**

Camiño de Santiago	Lonxitude	Número de concellos	Investimento
Francés	161,26 km	11	1.722.650,84 euros
Portugués e Portugués da Costa	136,64 km	23	1.256.599,83 euros
Norte	220,57 km	16	1.525.724,19 euros
Primitivo	117,17 km	9	980.862,30 euros
Inglés	109,28 km	18	878.643,58 euros
Vía da Prata*	236,16 km	28	1.630.101,70 euros
Fisterra e Muxía	105,72 km	10	946.375,57 euros
Camiño de Inverno	163,83 km	18	1.459.489,39 euros

**O treito final da Vía da Prata inclúese no lote do Camiño de Inverno*

Con esta operación de mantemento, a Consellería de Cultura e Turismo dá continuidade aos importantes investimentos realizados desde 2015, no marco do Plan director do Camiño de Santiago, que está a permitir a mellora, rehabilitación e sinalización de cada unha das rutas, seguindo o calendario deseñado. En total, supéranse os 10 millóns de euros, ao cal deberán sumarse os traballos que se realizarán en 2020, completando as previsións establecidas.

Cumprindo o Plan director

Unha vez executados ditos traballos, os novos contratos de mantemento consolidarán o levado a cabo neste tempo, dando cumprimento ao previsto no Plan director do Camiño de Santiago, que recolle, entre as súas liñas estratéxicas, a preservación e potenciación dos valores da Ruta Xacobeá, o seu mantemento, conservación e a dinamización de todos os itinerarios, favorecendo a diversificación de fluxos e o desenvolvemento económico, social e cultural de diversas comarcas das catro provincias pola que discorren os ditos itinerarios.

Para proceder á súa adxudicación, entre os criterios de valoración inclúense a memoria, organización dos traballos e medios á disposición, coa metodoloxía a seguir, planificación anual ou prazos estimados, entre outros. Terase en conta, igualmente, a diagnose efectuada da rede, coas posibles solucións ás deficiencias puntuais e específicas atopadas.

Co obxectivo de seguir facendo do Camiño un exemplo de sustentabilidade e respecto ao medio, tamén se valorará positivamente minimizar o emprego de auga ou a reutilización de augas depuradas, maquinaria e ferramentas menos contaminantes, métodos de traballo con menor emisión de ruídos ou medidas de redución de consumo de enerxía e combustible.

**INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta**

Estes contratos de mantemento forman parte da folia de ruta que o Goberno galego está a impulsar na preparación do Xacobeo 21, ao redor da que está a construír unha arquitectura participativa a todos os niveis. Xa están en marcha distintas iniciativas como *O teu Xacobeo*, a convocatoria aberta de proxectos dotada con 2 millóns de euros que permitirá incorporar e cofinanciar propostas de toda a cidadanía e entidades que estean aliñadas cos obxectivos do Ano Santo. Tamén a recente sinatura dun convenio de colaboración por parte do presidente da Xunta co Institute of Fine Arts (IFA) para a organización, no ano 2020, dun simposio internacional sobre o Camiño de Santiago que terá lugar na cidade de Nova York.

O Xacobeo 21 é un dos acontecementos máis relevantes desde o punto de vista cultural e turístico que terán lugar en España nos próximos anos e supón unha oportunidade para o conxunto da sociedade galega pola proxección internacional que terá a nosa Comunidade.

**INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta**

**A XUNTA DE GALICIA APROBA O DECRETO PARA A CREACIÓN DO
OBSERVATORIO GALEGO DA FAMILIA E DA INFANCIA**

- ***Encargarase de asesorar, estudar e propoñer actuacións de apoio e protección das familias e das nenas, nenos e adolescentes***

O Consello da Xunta autorizou hoxe o decreto que establece a creación do Observatorio Galego da Familia e da Infancia, que se remitirá agora ao Consello Consultivo para que lle dea o seu visto e praxe antes da súa aprobación definitiva. Trátase dun organismo colexiado e de carácter participativo que terá por obxecto asesorar, apoiar, analizar, estudar e propoñer actuación nesta área.

Máis polo miúdo, este Observatorio terá, entre outras funcións, a análise e intercambio de información, elaborar estudos e investigacións para detectar mellor as necesidades das familias e avaliar o impacto que teñen as políticas fiscais, laborais e sociais desenvolvidas polas administracións. Tamén propondrá liñas estratéxicas e plans de intervención, e poderá coordinar e harmonizar as actuacións das administracións nestes ámbitos, así como canalizar as iniciativas das organizacións sociais.

Ademais, este organismo colexiado abordará cuestións como a sensibilización da cidadanía no coñecemento e respecto dos dereitos da infancia, impulsará a incorporación da perspectiva da familia e da infancia no ordenamento xurídico galego e favorecerá as relacións con outros organismos de natureza semellante a nivel galego, nacional e internacional.

Respecto á súa composición, o Observatorio Galego da Familia e da Infancia contará coa participación de todas as consellerías, ademais dun vogal en representación dos órganos que dependen da Presidencia da Xunta.

Tamén estarán representados o Instituto Galego de Estatística, a Delegación do Goberno en Galicia, a Federación Galega de Municipios e Provincias (Fegamp), as tres Universidades, a Fiscalía do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, as centrais sindicais e a Confederación de Empresarios de Galicia, e a Plataforma de Organizacións da Infancia de Galicia.

INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta

**A POLICÍA AUTONÓMICA E O SERVIZO DE GARDACOSTAS AUMENTARON NUN 25%
AS INSPECCIÓN E DETIDOS POR FURTIVISMO E PESCA ILEGAL DURANTE O 2018**

- ***O ano pasado realizáronse 16.633 inspeccións e investigouse un total de 140 persoas***
- ***Desde 2015, coa reforma do Código penal, as actuacións de furtivismo están tipificadas como ilícito penal***

A Policía Autonómica e o servizo de Gardacostas da Consellería do Mar reforzaron durante o pasado ano a súa colaboración na loita contra o furtivismo, a pesca e o marisqueo ilegal, o que se traduciu nun aumento do 25 % das persoas detidas ou investigadas e dun 26,60 % das inspeccións realizadas, tal e como se recolle no informe coñecido hoxe polo Consello da Xunta.

O documento inclúe todas aquelas actuacións relacionadas co furtivismo, desde a actividade extractiva como a venda, transporte e distribución de produto sen garantías sanitarias; ata as relacionadas coa pesca marítima, tales como o control documental de pescadores a pé ou desde a embarcación; o control do talle, capturas, vendas ou artes, entre outras.

De acordo con estes criterios, durante 2018 realizáronse un total de 16.633 inspeccións, fronte ás 13.138 do pasado ano, o que supón un incremento do 26,60 por cento. Ademais, no exercicio pasado resultaron detidas ou investigadas un total de 140 persoas, mentres que en 2017 foron 112. O único parámetro que descendeu lixeiramente foi o de denuncias, que pasaron de 3.686 en 2017 a 3.536 en 2018 (-4,06 %). Isto debeuse fundamentalmente á redución daquelas denuncias relacionadas coa actividade profesional: carencia de permiso de pesca, número indebido de capturas, uso de artes prohibidas ou outras.

As investigacións realizadas ou comezadas en 2018 permitiron desmantelar algunhas organizacións con entramados operativos e económicos complexos, cuxo nivel de operación supera incluso o ámbito autonómico.

O obxectivo fundamental destas inspeccións é garantir a normalidade no traballo do sector marisqueiro e pesqueiro, de gran relevancia económica para Galicia, e a sustentabilidade e futuro dos nosos recursos naturais.

Os operativos destas actividades ilícitas fundaméntanse na investigación de tipoloxías delituosas distintas que, moi a miúdo, son conexas: delitos contra a fauna e a flora; contra a saúde pública; falsidade documental; tráfico de xénero corrompido; organización ou grupo criminal ou outras. Por esta razón, cóntase desde o comezo da investigación co apoio e tutela da Fiscalía, que canaliza e dirixe xurídica e tecnicamente a actividade policial aportando un plus de garantías nos procedementos. Cómpre recordar, ademais, que desde 2015, coa reforma do artigo 335 do Código penal, as actuacións de furtivismo están tipificadas como ilícito penal.

GALICIA CUMPRIU EN 2018 OS TRES OBXECTIVOS DE ESTABILIDADE E PEDIRÁ AO GOBERNO QUE PERMITA ÁS C.C.A.A. REINVESTIR O SUPERÁVIT

- *As primeiras estimacións indican que Galicia pechou o exercicio 2018 con superávit contable por primeira vez desde 2002*
- *Galicia solicitará ao Goberno un mecanismo legal para reinvestir eses 125 millóns en investimentos sustentables, como habilitou en 2018 o anterior Goberno*
- *A Administración galega non só cumpriu o límite de débeda, senón que rebaixou o seu endebedamento por segundo ano consecutivo, ata deixalo no 18,1%*
- *Tamén se cumpriu a regra de gasto e, no tempo medio de pagamento a provedores, Galicia foi a comunidade líder en toda España*

Galicia cumpriu no exercicio 2018 os tres obxectivos de estabilidade orzamentaria (déficit público, límite de débeda e regra de gasto) e mesmo pechou o ano con superávit contable, polo que solicitará ao Goberno central autorización para utilizar ese superávit para realizar investimentos sustentables, tal como habilitou en 2018 o anterior Goberno central.

O Consello da Xunta analizou hoxe un informe da Consellería de Facenda en que se inclúen as primeiras estimacións sobre o cumprimento dos obxectivos de estabilidade no ano 2018. Neste informe, cuxas cifras deberán ser confirmadas polo Ministerio de Facenda nos vindeiros meses, acredítase que Galicia cumpriu todos os obxectivos fixados e, ademais, foi a Comunidade Autónoma líder en pagamento a provedores, polo que a Xunta evita a aprobación dun plan económico-financeiro.

En primeiro lugar, no informe consta que a Administración autonómica cumpriu en 2018 o obxectivo de déficit público, que era do 0,4%. De feito, Galicia pechou o exercicio con superávit contable por primeira vez desde o ano 2002, grazas ao bo comportamento dos ingresos pola recuperación económica, pola chegada duns ingresos extraordinarios e pola liquidación do período de fondos comunitarios 2007-2013.

O informe mostra que é a primeira vez nos últimos 16 anos que Galicia acada superávit contable –duns 125 millóns de euros–, posto que a última ocasión fora no ano 2002. Neste sentido, en 2018, o anterior Goberno central estableceu para as comunidades autónomas a posibilidade de destinar o superávit contable a investimentos financeiramente sustentables, logo da aprobación dun plan específico. Porén, esta posibilidade non foi habilitada polo actual Goberno para 2019, polo que Galicia solicitará autorización para poder reinvestir este superávit contable.

Menos endebedamento

En canto ao límite de débeda, Galicia conseguiu en 2018 reducir o seu endebedamento por segundo ano consecutivo. A primeira estimación da Xunta é pechar o exercicio cunha ratio de débeda/PIB do 18,1%, por debaixo do límite do 18,4% autorizado polo Consello de Política Fiscal e Financeira, o que consolida a Galicia como a Comunidade Autónoma que menos incrementou o seu volume de débeda pública nos últimos dez anos.

**INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta**

Grazas á mellor evolución deste indicador respecto da media autónómica, Galicia ten evitado a emisión duns 4.000 millóns de euros de débeda pública. De feito, neste momento Galicia é a 4ª comunidade con menor endebedamento e neste 2019 regresará aos mercados financeiros para acadar mellores condicións e seguir reducindo o gasto en xuros.

Cumprimento da regra de gasto

O informe tamén ratifica que en 2018 Galicia axustouse ao límite da regra de gasto, un mecanismo que ten como obxectivo evitar consolidacións procíclicas de gasto na Administración, evitando un aumento excesivo dos gastos estruturais que, en épocas de dificultade, non poidan ser afrontados.

A Xunta cumpriu o pasado ano a regra de gasto –do 2,4%–, e polo tanto, Galicia evita a aprobación dun plan económico-financeiro, obrigatorio cando unha Administración incumpre este parámetro. Ademais, ao cumprir a regra de gasto Galicia mantén intacto o seu autogoberno, pode conceder avais ás empresas para seguir medrando e mesmo pode utilizar unha taxa de reposición de efectivos públicos maior da prevista.

Líderes en pagamento a provedores

Finalmente, o informe da Consellería de Facenda reflicte que Galicia foi en 2018 a comunidade autónoma líder no pagamento a provedores. En concreto, o tempo medio de pagamento de Galicia no ano 2018 foi de 13,3 días, o que supón 22 días antes que a media autónómica e 16,7 días por debaixo do límite de 30 días que establece a lexislación estatal.

Estes bos resultados foron posibles grazas á áxilidade na tramitación das facturas e á correcta xestión da tesourería, que permite á Xunta de Galicia dispoñer de recursos en todo momento para afrontar os pagamentos. Hai que ter en conta que a Administración galega é a maior pagadora de toda a Comunidade Autónoma, e cada ano aboa unhas 550.000 facturas.



A XUNTA OFRECE MÁIS DE 1,25 MILLÓNS DE METROS CADRADOS DE SOLO EMPRESARIAL CON BONIFICACIÓNS DE ATA O 50 % NO PREZO DE VENDA

- ***O Consello da Xunta coñeceu hoxe un informe que fai balance do programa de venda de parcelas a prezos bonificados promovido por Xestur e o IGVS no período 2015-2018 e no cal se recollen tamén os incentivos previstos para 2019***
- ***As empresas que mercaron parcelas nos tres últimos anos beneficiáronse de descontos por un importe total de 46,59 millóns de euros e o valor do solo adxudicado en dereito de superficie superou os 13,6 millóns de euros***
- ***Dende a implantación deste tipo de incentivos por primeira vez no ano 2015, adxudicáronse xa máis de 1,45 millóns de metros cadrados en toda Galicia, e estímase que grazas a estas operacións, o investimento van realizar as empresas beneficiadas superará os 375 millóns de euros***
- ***O concurso de venda con bonificación de parcelas propiedade de Xestur para este ano publicarase o 15 de febreiro e o prazo para a presentación de ofertas por parte dos interesados estará aberto durante un mes***
- ***O IGVS tamén dispón de 322.285 metros de solo empresarial urbanizado que se pode adquirir en calquera momento e nas mesmas condicións fixadas en 2015***

A Xunta porá á disposición das empresas galegas ou daquelas de fóra interesadas en asentarse na comunidade máis de 1,25 millóns de metros cadrados de solo empresarial con prezo de venda bonificado nun 50 % ou nun 30 %, dependendo da zona onde se sitúen as parcelas. Así se recolle no informe presentado esta mañá ao Consello da Xunta con motivo da convocatoria por parte de Xestur do concurso para a venda de 929.422 metros cadrados de solo empresarial, aos cales hai que sumar outros 322.285 metros de parcelas industriais propiedade do Instituto Galego de Vivenda e Solo (IGVS) e dispoñibles para adxudicar.

Con estes novos incentivos, a Xunta dálle continuidade á política de bonificación de prezos do solo empresarial impulsada en 2015 a través do IGVS e da empresa pública Xestur Galicia co obxectivo de facilitar o acceso ao solo ás empresas interesadas en asentarse nun parque empresarial da Comunidade ou en ampliar instalacións xa existentes. Na mesma liña, a partir do ano 2016 ofreceuse tamén a posibilidade de adxudicación de solo en forma de dereito de superficie, unha modalidade que lles permite ás empresas acceder a novas parcelas mediante o pagamento dun canon anual moi reducido por metro cadrado.

O resultado de ambas as medidas foi a reactivación das adxudicacións de solo empresarial nos parques dependentes da Xunta de Galicia, cun balance de máis de 1,45 millóns de metros cadrados asignados entre os anos 2015 e 2018, dos cales 1,3 millóns foron adxudicados en réxime de compravenda e 148.815 en dereito de superficie.

Así mesmo, as bonificacións ás operacións de compravenda realizadas durante os tres últimos anos ascenden ata os 46,59 millóns de euros, mentres que o valor das parcelas adxudicadas en dereito de superficie supera os 13,6 millóns de euros. Deste xeito, a aposta da Xunta de Galicia por incentivar a actividade das empresas galegas pola vía do estímulo á adquisición de solo traducíuse nuns 60 millóns de euros no período que vai de 2015 a 2018.

**INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta**

Esta política de bonificacións e acceso ao solo en dereito de superficie permitiu nos últimos tres anos o fomento da actividade empresarial e a creación de riqueza e postos de traballo, ao tempo que incentivou as empresas para asentarse en espazos especificamente creados para elas ou trasladarse desde localizacións pouco axeitadas para a súa actividade.

Así, o investimento estimado que realizarán as empresas adxudicatarias de solo bonificado ou en dereito de superficie propiedade da Xunta ascende a máis de 375 millóns de euros e grazas a el, cálculase que se posibilitará a creación de máis de 6.100 postos de traballo.

Concurso de venda de Xestur

Polo que respecta ás previsións para este ano, o consello de administración da empresa pública Xestur aprobou un novo concurso público para a venda bonificada dun total de 929.422 metros cadrados de solo empresarial. A partir do 15 de febreiro e durante un mes, as empresas interesadas poderán presentar as súas ofertas co fin de adquirir algunha das parcelas propiedade de Xestur situadas nos seguintes parques empresariais:

PARQUE	NÚMERO PARCELAS	SUPERFICIE m ²	BONIFICACIÓN %
A Sionlla (Santiago de Compostela)	77	356.363,50	30
Negreira	8	15.585,00	30
Arzúa	2	5.083,00	30
Bértoa (Carballo)	29	93.417,00	50
Cedeira	36	38.677,00	50
Ortigueira	44	52.126,00	50
PROVINCIA DA CORUÑA	196	561.251,5	
Cervo	15	27.843,37	50
As Gándaras (Lugo)	4	46.945	50
Guitiriz	1	4.834	50
Viveiro	14	37.944,06	50
PROVINCIA DE LUGO	34	117.566,43	
Central de Transportes de San Cibrao das Viñas	1	5.338,00	50
Vilamarín	12	18.721,39	50
O Pereiro de Aguiar	7	12.978	50
PROVINCIA DE OURENSE	20	37.037,39	
A Veigadaña (Mos)	11	64.359,00	30
A Reigosa (Ponte Caldelas)	13	127.678,44	30
Lalín	3	8.555,00	30
Silleda	4	12.974,66	30
PROVINCIA DE PONTEVEDRA	31	213.567,1	
TOTAL GALICIA	281	929.422,42	

**INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta**

Unha vez resolto o concurso público de venda, as parcelas que non sexan adxudicadas por falta de licitadores poderán ser asignadas a quen as solicite mediante adxudicación directa e, en todo caso, polo mesmo prezo que rexeu durante o concurso.

Oferta de solo propiedade do IGVS

A maiores, cómpre lembrar que tamén o Instituto Galego da Vivenda e Solo dispón de 322.285 metros cadrados de solo empresarial susceptibles de ser adxudicados en calquera momento en réxime de compravenda bonificada ou en dereito de superficie, e nas mesmas condicións e prezos fixados no concurso que fora convocado en 2015.

A oferta do IGVS céntrase en 15 parques empresariais: As Somozas, Melide e Pontedeume, na provincia da Coruña; Bóveda, Lourenzá, Porto Seco de Monforte, Monterroso e Xermade, na de Lugo; O Barco de Valdeorras, O Carballiño, Celanova, Ribadavia, Verín e Central de Transportes de San Cibrao das Viñas, en Ourense; e Central de Transportes de Ponte Caldelas, localizada na provincia de Pontevedra. En todos eles a bonificación que se vai aplicar sobre o prezo de venda das parcelas será do 50 %, a excepción do parque empresarial de Melide e da Central de Transportes de Ponte Caldelas, nos cales esta porcentaxe situarase no 30 %.

En conxunto, o solo empresarial propiedade tanto do Instituto Galego de Vivenda e Solo como de Xestur dispoñible para a súa adxudicación en réxime de compravenda ou en dereito de superficie suma un total de máis de 1,25 millóns de metros cadrados.

Por outra parte, cómpre engadir que ao longo de 2019 está prevista a convocatoria do concurso de venda da primeira fase do parque empresarial de Morás (Arteixo), cunha superficie total de 133.765 metros cadrados. E máis alá do solo propiedade da Xunta, este ano iniciárase tamén a comercialización de 400.000 metros cadrados de solo na Plisan, promovida polo IGVS, a Autoridade Portuaria de Vigo e a Zona Franca de Vigo.

Por último, tamén está en desenvolvemento a ampliación do polígono industrial de Xinzo de Limia, actualmente en fase de expropiación dos terreos e que permitirá a medio prazo, unha vez acometidas as obras de urbanización, dispoñer de 86.000 metros cadrados máis neste parque.

A XUNTA INCREMENTA EN 245.000 EUROS A CONTÍA QUE SE DESTINA AOS CONCELLOS GALEGOS AO ABEIRO DO PLAN CONCERTADO

- ***Beneficia 25 municipios e poderá financiar 18 novos traballadores dos servizos sociais comunitarios***
- ***Ademais, amplía de media xornada a xornada completa o contrato doutros dous profesionais***

O Consello da Xunta de Galicia informou hoxe do incremento en 245.000 euros da contía que se destina aos concellos galegos ao abeiro do Plan concertado de 2018. Este novo aumento de fondos, que beneficia 25 municipios, poderá financiar 18 novos traballadores dos servizos sociais comunitarios e ampliar de media xornada a xornada completa o contrato doutros dous.

A maioría das entidades locais que reforzarán os seus equipos sociais grazas a esta medida son de carácter rural. Desta maneira, son 7 na provincia da Coruña (Ames, Arteixo, Betanzos, Carballo, Lousame, Noia e Oroso), 8 na provincia de Lugo (Guitiriz, Monforte de Lemos, A Pobra do Brollón, Samos, O Saviñao, Sober, Taboada e Valadouro) e 10 na de Ourense (Barbadás, Castrelo de Miño, Rubiá, Carballeda de Valdeorras, Trasmiras, Sarreaus, Amoeiro, Coles, A Peroxa e Vilamarín).

En total, a contía que destina a Xunta de Galicia cada ano a financiar os equipos sociais básicos dos concellos pasou de 8,2 millóns de euros a 10,7 millóns de euros coa aprobación da Axenda Social Única. Deste xeito, hoxe hai 632 profesionais da área social traballando nos concellos con financiamento autonómico, cerca de 40 máis que hai unha década.

Cómpre indicar que a mellora dos servizos sociocomunitarios é unha das medidas que contén a Axenda Social Única, un dos fitos que conseguiu o Goberno galego na pasada lexislatura. Trátase dun documento pactado cos concellos galegos e coas entidades de loita contra a pobreza que recolle a aposta por uns servizos sociais de calidade e de proximidade.

A XUNTA PON Á DISPOSICIÓN DO SECTOR PESQUEIRO AXUDAS PARA INNOVACIÓNS QUE CONTRIBÚAN Á ELIMINACIÓN GRADUAL DOS DESCARTES

- ***A Consellería do Mar subvenciona estas e outras accións ao abeiro da convocatoria de axudas para a innovación no sector pesqueiro, que realiza por primeira vez no marco do Fondo Europeo Marítimo e de Pesca***
- ***Tamén son subvencionables os proxectos innovadores que busquen desenvolver ou introducir produtos e equipamentos, procesos e técnicas ou sistemas de xestión ou organización novos ou perfeccionados***
- ***O Goberno autonómico destina máis dun millón de euros á convocatoria de 2019 destas subvencións que publica hoxe o Diario Oficial de Galicia e que foi analizada no Consello da Xunta***
- ***Poden optar a elas os propietarios de buques pesqueiros e as súas organizacións -incluídas as confrarías- que contén coa colaboración dun organismo científico que desenvolva as operacións e valide o seu resultado***

A Consellería do Mar convoca por primeira vez no marco do Fondo Europeo Marítimo e de Pesca (FEMP) axudas para a innovación no sector pesqueiro. Esta convocatoria, que publica hoxe o *Diario Oficial de Galicia*, comprende dúas liñas de axuda diferentes. Unha delas é para proxectos innovadores que busquen desenvolver ou introducir produtos e equipos, procesos e técnicas ou sistemas de xestión ou organización novos ou perfeccionados. A outra liña de axudas enfócase a operacións innovadoras relacionadas coa conservación dos recursos biolóxicos mariños que contribúan á eliminación gradual dos descartes e ás capturas accesorias e á introdución de técnicas de pesca perfeccionada e de artes máis selectivas.

Á convocatoria de 2019 destas achegas, que tamén foi analizada hoxe no Consello da Xunta, a Consellería do Mar destina máis dun millón de euros. Desta cantidade, 733.000 euros son para proxectos innovadores nos eidos da extracción, transformación e comercialización e os restantes 300.000 destínanse ás operacións relacionadas coa conservación dos recursos biolóxicos mariños.

Poden optar a estas axudas os propietarios de buques pesqueiros e as súas organizacións ou asociacións -incluídas as confrarías de pescadores- que contén coa colaboración dun organismo científico que desenvolva as operacións e valide o seu resultado. Terán a consideración de organismo científico ou técnico os incluídos no rexistro creado ao abeiro do Real decreto polo que se regulan os centros tecnolóxicos e os centros de apoio á innovación tecnolóxica. Tamén poderán validar os resultados os organismos públicos de investigación (OPI) indicados na Lei da ciencia, a tecnoloxía e a innovación, os recoñecidos pola normativa propia das comunidades autónomas e as universidades públicas e privadas ou entidades do sector público que desenvolvan actividades de I+D+i.

**INFORMACIÓN AOS MEDIOS
Consello da Xunta**

Algúns exemplos de accións de colaboración entre o sector pesqueiro e os organismos científicos susceptibles de poder acollerse a estas achegas son as tecnoloxías para a dixitalización dos datos para a identificación e cuantificación de especies e biomasa descartada e o desenvolvemento de sistemas de clasificación e cuantificación de capturas. Outros exemplos son o desenvolvemento de procesos de valorización dos descartes de pesca que abran novas oportunidades comerciais ou aparellos de pesca innovadores e máis selectivos.

Con estas subvencións, a Xunta busca impulsar a competitividade e a sustentabilidade ambiental do sector. Así, a través delas subvencionarase, con carácter xeral, o 50 % dos investimentos que fagan os propietarios de buques pesqueiros e as súas organizacións en proxectos e operacións innovadoras. Esa porcentaxe pode chegar ao 100 % cando se trate de proxectos de interese colectivo, cun beneficiario colectivo e con características innovadoras a escala local.

Os interesados en cursar as solicitudes de axuda poderán consultar os requisitos e a documentación necesaria na orde que publica hoxe o *Diario Oficial de Galicia*, onde se especifica que o prazo para presentalas é dun mes contado desde mañá. A presentación de solicitudes realizarase por medios electrónicos a través do formulario normalizado dispoñible na sede electrónica da Xunta de Galicia (<https://sede.xunta.gal>).